



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2020/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 18 DE DECEMBRO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

TANIA ROMERO GARCIA
MANUEL CARAMES LOPEZ
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
OLALLA BENLLOCH LEMA
MONICA VILELA VILELA
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
SANDRA VILELA RIVEIRO
SOFIA LOPEZ SIMON
JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da Acta da sesión anterior
- 2.-Proposta de Alcaldía sobre modificación periodicidade sesións plenarias ordinarias.
- 3.-Proposta de Alcaldía sobre recurso de reposición contra acordo plenario de 23/7/2020.
- 4.-Proposta aprobación Conta Xeral 2019
- 5.-Moción PP sobre acordo horario plenos extraordinarios.
- 6.-Moción PP en defensa da propiedade privada e a loita contra a ocupación ilegal de vivendas.
- 7.-Moción PP sobre a nova Lei educativa "Lei Celaá".
- 8.- Control órganos de goberno. Rogos e preguntas

1.-Aprobación acta sesión anterior:

A acta da sesión anterior queda aprobada coa abstención de Mónica e de Tania por non estar presentes na sesión anterior.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.- Proposta de Alcaldía sobre modificación periodicidade sesións plenarias ordinarias

A Secretaria explica brevemente o contido da proposta neste punto, quedando aprobada por unanimidade dos membros presentes, pasando polo tando a celebración das sesións plenarias ordinarias os terceiros venres dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

3.- Proposta de Alcaldía sobre recurso de reposición contra acordo plenario de 23/7/2020

A secretaria explica o contido da proposta de Alcaldía e dos informes técnico e xurídico.

Intervén a continuación D Carlos Fernández Concheiro para dicir: “Votarei a favor porque creo que é obriga do Concello defender os bens públicos, e o reclamante pode ir á vía civil como pasou noutros caos.

Dna Sandra Vilela, voceira do PP, manifesta que o seu grupo se vai abster pois” non o podemos votar por unha cuestión legal”.

Sometido o asunto a votación, cos votos a favor do Sr Alcalde, Dna Olalla Benlloch e D Carlos Fdez, e a abstención do resto dos integrantes do pleno (D Javier Romar, por razón de parentesco) o Pleno acorda aprobar Proposta de Alcaldía e non ter en contra o recurso presentado por D. Daniel Martínez Alvarelos contra o acordó plenario de 23/7/2020, por non aportar novos datos aos considerados de base para a adopción do acordo plenario recurrido, non desvirtuando a alegación o carácter de ben inventariado e a necesidade de defensa dos seus bens que a normativa en vigor impoñe aos entes locais.

.

4.- Proposta aprobación Conta Xeral 2019

A Secretaria explica que se somete a aprobación plenaria a Conta xeral 2019, informada favorablemente pola Comisión de Contas e exposta ao público durante o prazo regulamentario, sen que houbera reclamacións.

Sen xerarse debate e por unanimidade o Pleno acorda aprobar a Conta Xeral 2019.

5.-Moción PP sobre acordo horario plenos extraordinarios.

Dna Sandra Vilela expoñe: “Traemos esta moción para ver se chegamos a un acordo sobre o horario dos plenos extraordinarios. Nunca tivemos problema para asistir a eles porque se mantiñan os



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

horarios dos ordinarios. Todos sabemos en que traballamos e coñecemos a disponibilidad de todos para vir. A Alcaldía está a usar a hora dos plenos para que os concelleiros non podan vir. “

D Carlos Fdez intervén :” Non creo que este acordo sexa vinculante pero si que é unha petición razoable e votarei a favor”.

Dna Mónica Vilela tamén anuncia o seu voto a favor, “lembre cando vostede era concelleiro e tamén viña de Coruña e se facía o posible para que poidese asistir”.

O Sr Alcalde contesta: “ O informe de secretaría é claro, e a memoria moi fráxil. En todos os concellos se fan os plenos a todas horas.”

Sometido o asunto a votación, con tres votos en contra dos integrantes do g.m PSOE e o resto a favor a moción obxecto da orde do día, queda aprobada.

6.-Moción PP en defensa da propiedade privada e a loita contra a ocupación ilegal de vivendas.

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

Intervén seguidamente D Carlos Fdez: “ Coñezo esta estratexia do PP de asustar á xente con este problema. Non é de recibo que se falseen os datos, o problema gravísimo que din que hai é de negocios privados. Non podemos confundir o allanamento, entrar nunha casa e iso. Hai usurpación de vivendas, hai vivendas ocupadas , pero sobre todo de propiedade dos bancos, de fondos de inversión, etc. Hai máis de 26 millóns de vivendas e só 14000 denuncias de usurpación; se isto é un problema gravísimo..”

Dna Mónica Vilela anuncia o seu voto a favor “ considero que é importante dende o momento que haxa unha casa ocupada”.

O Sr Alcalde explica: “Vamos a abstermos pois non é un problema de Muxía e non creo que debamos de debatir moito dado que as mocións que fagamos poucos resultados van dar”

Sometida a moción a votación, queda aprobada polos votos a favor do gm PP (3), Dna Mónica Vilela, D Manuel Caramés e Dna Tania Senlle, o voto en contra de D Carlos Fdez, e a abstención do gm PSOE (3).

7.-Moción PP sobre a nova Lei educativa “Lei Celaá”.

Dna Sandra Vilela expoñen brevemente o contido da moción.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén D Carlos Fdez: “ O que dis na moción non é verdade. Non usamos a lingua como arma, o español non está en perigo nas escolas galegas. Os nenos saen da casa falando galego e volven da escola falando castelá. Esta lei non acaba cos colexios concertados nin elimina a relixión das escolas, trata de limitar só os abusos da concertada. Os país poden levar aos nenos donde queiran pero non poden esixir que pague o estado.

Respecto ao segundo punto da moción, Galicia ten competencia exclusiva en educación e é o estado quen ignora esta competencia.”

Dna Mónica Vilela anuncia o seu voto en contra da moción “ porque creo que a lei non é tan mala como di”.

O Sr Alcalde intervén: “ Outro tema que non afecta a Muxía, consideramos que a lei é mellor ca anterior e vese que a redacción da moción está desvirtuada.”

Sometida a Moción a votación, queda rexeitada polo voto en contra dos tres integrantes do gm PSOE, D Carlos Fdez, Dna Mónica Vilela, D Manuel Caramés e Dna Tania García.

8.-. Control órganos de goberno. Rogos e preguntas

-Dna Sandra Vilelea pregunta:

Vostede quere que os concelleiros deste Concello acudan aos plenos?

Querría saber de que son varias facturas de comida da Alcaldía que constan abonadas? (relaciona as facturas)

-D Carlos Fdez pregunta: “ Quero facer unha proposta que é que se se vai gastar o remanente retomasen o problema do plan de urbanismo e facer un consensado polo ben dos vecinos.

Van a facerse comisión deiurbanismo de novo?

Falouse con Deputación sobre o problema dos coches que pasan a velocidade pola Rúa Virxe da Barca, para poñer bandas rugosas ou algo?

-Dna Mónica Vilela intervén: “ Vin duas veces para pedir que se coloque un espello na Rúa Dr. Toba, porque hai mala visibilidade”.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-O Sr Alcalde contesta: Non hai problema para o do espello.

En canto ao que dis, Carlos, hai un tramo da Xunta e outro de Deputación e xa lles mandamos informes.

En canto ao tema do urbanismo, cando supen o do PXOM reuninme coa Secretaria Xeral de Urbanismo e deume o seu parecer. É un tema do que non me olvido.

Sí, quero que os concelleiros veñan ao pleno, é máis, deben de vir ao pleno.

As facturas que di, son unha dun desayuno que se fixo coas palilleiras, outra co presidente da Deputación, outra dunha visita ao Parador coa subdelegada do Goberno, despois dunha Xunta de Seguridade. Hai comidas da Policía Local na festa da Barca, de voluntarios na cabalgata de Reis, etc. Non sei se hai máis.

-Dna Sandra Vilela, contesta que as que quere información son as de data 11 de marzo, 5 de febreiro e 4 de agosto.”

Sendo as 21,47 horas abandonan a sesión O Sr Carlos Fdez, Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés-

-O Sr Alcalde contesta: “ Todos eses gastos saen da partida de Alcaldía e o que sobra nela gástase en cousas que vostede quería quitar, como as cestas para os maiores.

Ao resto contestareille no vindeiro pleno”.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 21:48 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 23 de decembro de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña